



SENSORÍAS

Téñoche que contar un conto ;-)

CARMEN HERMO

A realidade mediatizada, ¿é unha realidade verdadeira?
¿Non é calquera medio de comunicación unha estratexia para poder representar
unha realidade conveniente?
En moitas ocasións o medio é o fin.
¿Qué é menos verdade: una verdade a medias ou unha medio mentira?
Pero é que o medio sempre conta verdades a medias.

Medio=Mentira

ANTECEDENTES

Búsqueda da autenticidade.

Superado o lastre da representación os diferentes xéneros artísticos teñen servido para o desenrolo de todo tipo de creacións. Aínda que sempre houbera unha serie de técnicas que parecen estar máis asociadas que outras a ese antigo lastre.

A pintura esgrime a súa bidimensionalidade xustificando así: a perspectiva, o punto de vista, a iluminación, a atmósfera.

A fotografía engatusa o senso con un halo de cientificismo tecnolóxico, a instantánea, a realidade conxelada.

A escultura xunto con as site, enviroment, happening, e outras, avencelladas desde os seus comezos ate a presentación.

O autentico relacionase con todo aquilo que interactúa con os nosos sentidos: o olfatable, o tanxible, o comestible...

O corpo virtual sometese a todo tipo de sensacións e experiencias. De cando en vez é necesario un pellizco virtual que o faga espertar de ese letargo producido polo estrondo informativo e á velocidade á que estamos sometidos. Unha velocidade as veces ralentizada en forma de piercing o tatoos que transgreden o corpo real simplemente para sentir a súa propia presenza.

Pero quizás o pellizco máis doloroso é o aplicado desde o propio medio.

Arte no que espectador e actor entremezclanse e preséntanse como un novo espacio no que o artístico ademais da site é a propia experiencia. Experiencia da que espera determinado resultado obedecendo ó medio utilizado para elo. Pero ¿qué ocurriría se ese medio fose un mentiroso?, ¿qué ocurriría se o desenmascarásemos en público e aportásemos probas incriminatorias?

Estratexia.

Hai que construír un cebo. Recurrir a elementos do seu propio linguaxe con os que o espectador-actor está feito a interactuar, dos que espera a resposta automática tras o estímulo executado nese intre. Veloz, inmediato, automático, esixencias cotidianas para respostas a eses estímulos, pero que tamén favorecen a borrosidade e a desfronterización perceptual da realidade.

O producto.

O obxectivo básico desta investigación é o desenrolo dunha cámara especial, unha cámara que recompón un espacio desestructurado, que expande o noso ollo, o noso corpo físico en definitiva, o corpo expandido.

A combinación dos principios de funcionamento de ópticas de cámaras especiais como poden ser as estereoscópicas, panorámicas ou aéreas. Obxectivos especiais, cámaras intelixentes que recoñecen cando a persoa está sorrindo ou filosofías creadas ó redor de máquinas cheas de carisma como a Lomografía. Todo isto preparará o caldo de cultivo necesario para o desenrolo desta cámara que chamaremos, en principio, perspecópica.

A peculiaridade fundamental de esta cámara é que consegue, mediante o desenrolo dun programa específico instalado no seu firmware, proxeccións cónicas de calquera espacio tridimensional (en realidade isto é o que fai calquera tipo de cámara).

Outra das moitas peculiaridades desta cámara é que facilita que o seu usuario recoñeza sensacións atribuídas a experiencias que van máis aló da percepción óptica (en realidade isto é o que fai cada un de nos cando nos decidimos por unha toma ou outra)

Secuelas.

CONCLUSIÓN: Non temos que desenrrolar sofisticados aparellos para comunicar e percibir e imaxinar historias a partir das pequenas secuelas que atopamos na nosa realidade mais próxima.

Evidenciamos cada día máis un maior interese polo auténtico, por experiencias reais, por algo de verdad. Aquelas obras realizadas desde a coherencia, donde o medio non manipula nin dirixe ó que o vive, donde o noso eu a completa e interpreta individualmente a partires de experiencias, coñecementos e vivencias. Pequenas mostras do real manipuladas e mimadas para un disfrute privado, único e persoal.

Acuarelas, cadros únicos, debuxos, que ó marxe do seu contido a súa propia corporeidade é real e en consecuencia auténtica. Representación do espacio desestructurado pictóricamente a partir dun espacio real, a cidade, punto de conxerencia do visitante, do espectador e do suxeito obxecto da obra.

O PROXECTO PICTÓRICO COMO SECUELA

SECUELA: SENSORÚAS. TÉÑOCHE QUE CONTAR UN CONTO ;-)

A rúa defragmentada é percibida como un todo grazas a nosa intelectualidade. Cada un dos anacos percibidos sexa cal sexa o seu código de percepción, mestúranse para formar o concepto de rúa, e rúa a rúa, o de cidade. Ó marxe do espazo real e temporal, a nosa mente configura o espazo perceptivo da rúa feito de retales visuais, táctiles, olfactivos e gustativos. O mapa perceptivo de unha cidade configúrase de xeito persoal según a experiencia que se teña de ela, o pavimento, os reflexos nos escaparates, a cornixa coa que poderse albergar da chuvia ou o cheiro a pan recen feito da panadería da esquina fan que esta rúa sexa única para cada un de nos e única ademais no mundo grazas a esta percepción.

A tecnificación que envolve, como si fose un film, case todos os aspectos da nosa cotidianidade, ademais de preservar, clasificar e especializar o percibido, asegúranos, ou polo menos eso é o que pretende que pensemos, que o percibido polas imaxes que se nos presentan é a realidade. Por suposto é unha realidade dirixida, mediatizada, unha case realidade, unha realidade a medias, a realidade dos media. A progresiva espertización do coñecemento non favorecen as sinerxías contaminantes, ese film clasificador evita mesturas e transversalidades non controladas que poderías levar a novas experiencias ou hacia novos pensamentos.

As sensorúas son secuelas dunha percepción fragmentaria e das sempre eternas ganas de sentir realidades auténticas.

Rúas onde descubrimos as canalizacións subterráneas de auga. Rúas feitas de mixturas, de xelado, de caramelo ou de calamares á romana. Rúas entablilladas que agochan traballos de rehabilitación e remodelación. Reflexos e luces que se desbordan contaminando diferentes niveis perceptuais. E a xente, todos nos e o noso rol nesa rúa, os que residen nela, os que pasean, os que compran, os que falan, os que se atopan, os que se ollan, os que se evitan, os que se paran, os que se apuran, os que berran, os que xogan, os que corren, os que aparcan, os que esperan e aqueles para os que a rúa é a súa casa. As sensorúas son tamén as súas miserias e as súas alegrías sen censuras nin medios de enmascaramentos, un pequeno bellizco para nos despertar dunha virtualidade edulcorada polos medios de masas e a sociedade de consumo.

As sensorúas misturan realidade, imaxinación e fábula. Arcos da vella que se converten en rúas, sementes voadoras que levan casa e coches ás beiras dos ríos, e todo un imaxinarium disposto a ser descuberto por cada un dos que se aproximan a elas.